

Guía de instalación de O Valor das cousas na Plataforma Moodle

- 1 A actividade "O valor das cousas" ten un formato de curso de Moodle, polo que será necesario o emprego desta plataforma de e-learning para poder realizala cos alumnos/as.
- 2 Descargar á nos computadora, un pen driver ou a calquera outro dispositivo de almacenamento, o ficheiro "valor_das_cousas_moodle.zip", que inclúe á actividade "O valor das cousas".
- 3 Entrar na plataforma Moodle, empregando os códigos de usuario e contrasinal subministrados polo administrador/a da plataforma do IES.
- 4a

Caso de nunca ter creado un curso na plataforma Moodle, ou de non ter privilexios de Profesor editor de cursos en ningún dos cursos existentes na plataforma.


- 4b

Si xa temos algunha experiencia en Moodle, e temos deseñado algún curso nesta plataforma (ou non tendo deseñado ningún curso, temos o privilexio de Profesor Editor, en calquera dos cursos existentes).
--


4a PROCESO DE CREACIÓN DUN CURSO NA PLATAFORMA Moodle.

Breve síntese do que imos a facer: Primeiro imos a crear un novo curso en Moodle, e posteriormente seguiremos as instrucións do apartado 4b

4a1 Premer en **Cursos**, dentro do menú de **Administración**. Premer en **Engadir/editar cursos**, e posteriormente en **Engadir un novo curso**



4a2 Na nova páxina que se abre, bastante extensa e a priori complicada, so temos que cubrir os campos **Nome completo** e **Nome abreviado**, indicando un nome para o curso que estamos a crear, por exemplo **Restauración VDC**, para nome completo e **R-VDC**, para nome abreviado.



4a3 Una vez introducidos os nomes completo e abreviado, imos ata o final da páxina e prememos en **Gardar modificacións**.

4a4 Gardadas as modificacións, abre unha páxina do curso que acabamos de crear para que asignemos os privilexios (roles) dos usuarios do curso. Nos simplemente prememos en **Prema aquí para entrar no seu curso**.

Papeis	Descrición	Usuarios
Administrator	Administrators can usually do anything on the site, in all courses.	0
Course creator	Course creators can create new courses.	0
Teacher	Teachers can do anything within a course, including changing the activities and grading students.	0
Non-editing teacher	Non-editing teachers can teach in courses and grade students, but may not alter activities.	0
Student	Students generally have fewer privileges within a course.	0
Guest	Guests have minimal privileges and usually can not enter text anywhere.	0


4a5 E xa temos creado un curso na plataforma Moodle (en realidade só temos creada a estrutura do curso, non o curso completo, pero isto é suficiente aos nosos propósitos).

No menú da esquerda, baixo o epígrafe **Administración**, prememos no comando **Restaurar**, e a partir de aquí seguimos as **instrucións** que aparecen no **cadro 4b2**.


4b Abrir calquera dos curso que teñamos deseñado (e sobre o cal temos privilexios de Profesor editor de curso), ou calquera outro curso no que teñamos privilexios de Profesor editor de cursos.

Breve síntese do que imos a facer: imos a empregar calquera dos cursos xa existentes en Moodle para dar comezo a un proceso chamado de restauración, o cal nos permitirá crear un novo curso coa actividade "O valor das Cousas", sen que o curso que da comezo ao proceso sufrira cambio algún.


4b1 No menú de Administración prememos en **Restaurar**



4b2 Prememos en **Cargar ficheiros**



4b3 A páxina que se abre nos solicita o cartafol onde temos almacenado o ficheiro da actividade (valor_das_cousas_moodle.zip).




Localizado o ficheiro e o cartafol mediante o botón **Browse**, prememos en **Cargar este ficheiro**.

4b4 Rematado o proceso de carga do ficheiro, que leva uns poucos segundos, unha nova páxina indicara que o **Ficheiro foi cargado con éxito**, e na mesma páxina debemos premer no botón **Restaurar**.




4b5 Aceptamos dar comezo ao proceso de restauración premendo en **Si**:

Este proceso da lugar a creación dun novo Curso, no que se instala a nosa actividade "O Valor das cousas", sen que o curso inicial que empregamos para dar comezo ao proceso sufra alteración algunha.




4b6 Ao premer **Si**, aparece una longa páxina con moito texto, na que só temos que levar o cursor ata o final da páxina e




e premer en **continuar**.


4b7 A nova páxina preguntanos onde queremos Restaurar o curso, e entre as distintas posibilidades que se nos ofrecen debemos elixir: **Novo curso**, indicar un nome abreviado, **VDC** (por exemplo), e o nome completo, para o curso que estamos restaurando, **O valor das cousas** (por exemplo).



4b8 Levamos o cursor ata o final da páxina, e prememos en **continuar**.




4b9 Confirmamos que queremos restaurar o curso premendo en **Restaurar este curso agora**:




4b10 Durante un certo tempo, a nosa pantalla vaise enchendo de liñas que non teñen moito sentido para nos, pero que indican que a plataforma Moodle esta restaurando o noso curso.

Cando remata imos ao final da paxina e veremos unha mensaxe que nos indica que o noso curso foi restaurado con éxito, e só temos que premer en **Continuar** para rematar todo o proceso.



4b11 Unha vez que prememos en continuar, xa entramos no curso que acabamos de crear coa actividade "O valor das cousas".



4b12 Para que os alumnos/as accedan a esta actividade deberan entrar na plataforma Moodle e premer no nome do curso, identificándose co **nome de usuario e contrasinal** subministrado polo administrador da plataforma Moodle do IES, ou ben premen en **Entrar como convidado**.

Se os alumnos se identifican para entrar na plataforma, poderán realizar a Actividade final de avaliación, e o profesor/a saberá a quen corresponde cada unhas das actividades realizadas. Esta identificación non se produce se os

alumnos entran como convidados.

